

**NUM-CONSULTA:** V0009 -14

**ÓRGANO:** SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

**DATA DE SAÍDA:** 7/11/2014

**NORMATIVA:**

Artigo 8.Tres do *texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*, aprobado por *Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo*.

**DESCRICIÓN-FEITOS**

Os consultantes concederon ao seu fillo en 2006 un préstamo de 100.000 euros destinados á adquisición da súa primeira vivenda habitual. Na actualidade, o saldo pendente de amortizar ascende a 82.000 euros. Os consultantes desexan doar ao seu fillo a cantidade de 60.000 euros para que este proceda á amortización do préstamo que ten pendente de pagar aos agora doadores.

**CUESTIÓN FORMULADA**

Preguntan se, dado que a cantidade doada vai a destinarse á amortización dun préstamo concedido para a compra da primeira vivenda habitual, e considerando que o donatario cumpre cos requisitos establecidos no artigo 8.Tres do *texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado*, aprobado por *Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo*, dita doazón gozaría da redución do 95% prevista no mencionado artigo.

**CONTESTACIÓN COMPLETA**

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 101/2014, de 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, este centro directivo informa o seguinte:

## **Normativa:**

Artigo 8.Tres do *texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado* (en diante TRTCG), aprobado por *Decreto legislativo 1/2011, de 28 de xullo*.

*Tres. Redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia.*

*Nas doazóns a fillos e descendentes de diñeiro destinado á adquisición da súa vivenda habitual aplicarase unha redución do 95% da base imponible do imposto, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:*

*a) A persoa donataria deberá ser menor de 35 anos ou muller vítima de violencia de xénero. No primeiro caso débese tratar da adquisición da súa primeira vivenda habitual. No segundo, non debe ser titular doutra vivenda.*

*b) O importe da doazón non poderá superar os 60.000 euros. Este límite é único e aplícase tanto no caso dunha soa doazón como no caso de doazóns sucesivas, sempre que se outorguen a favor da mesma persoa donataria, proveñan dun ou de distintos ascendentes. No caso de que o importe da doazón ou doazóns a que se refire este artigo excedese esta cantidade, non haberá dereito a ningunha redución.*

*c) A suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do IRPF do donatario, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estea concluído na data do devengo da primeira doazón, non poderá ser superior a 30.000 euros.*

*d) A doazón débese formalizar en escritura pública en que se exprese a vontade de que o diñeiro doado se destine á adquisición da vivenda habitual da persoa donataria. No caso dos menores de 35 anos, deberá de constar tamén que se trata da súa primeira vivenda habitual. Esta declaración de vontade deberá de ser simultánea á doazón.*

*e) A persoa donataria deberá adquirir unha vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón. No caso de haber varias doazóns, o prazo computarase desde a data da primeira doazón. A redución non se aplicará a doazóns de diñeiro posteriores á compra da vivenda, agás nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo, sempre que se acredite que o importe do diñeiro doado se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito, co prazo, límites e requisitos establecidos nas alíneas anteriores, agás no xeito de computar o prazo de seis meses, que se fará para cada doazón.*

*f) A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

**Resposta:**

O artigo 8.Tres do TRTCG establece unha redución do 95% da base imponible para as adquisicións lucrativas *inter vivos* obtidas mediante doazóns a favor de fillos e descendentes, sempre que se cumpran os requisitos previstos no mencionado precepto legal.

Os consultantes limítanse a indicar que o donatario cumpre cos requisitos establecidos nas letras a) e c) do artigo 8 do Decreto lexislativo 1/2011 de 23 de xullo, isto é, os relativos á idade e a contía da suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar a efectos do IRPF do donatario, correspondente ao último período impositivo.

Respecto ao resto dos requisitos, manifestan que a contía do diñeiro doado ascenderá a 60.000 euros e destinarase á amortización parcial do crédito obtido para o financiamento da que é a súa primeira vivenda habitual, sen embargo, nada din sobre se dito negocio se formalizará en escritura pública.

Polo tanto, en aplicación do citado artigo 8.Tres do TRTCG, tratándose da doazón de 60.000 euros a favor dun descendente destinados á cancelación parcial do préstamo obtido para adquirir a primeira vivenda habitual do donatario, será de aplicación a redución do 95% da base imponible do imposto sempre que se cumpran todos os

requisitos establecidos no citado precepto. Tal e como sinala o artigo 105 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, *nos procedementos de aplicación dos tributos quen faga valer o seu dereito deberá probar os feitos constitutivos do mesmo*, recaendo no contribuínte a carga da proba do seu cumprimento.

O que comunico a Vd. con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria*.